



CONCELLO DE
PADRÓN



X CARREIRA POPULAR CONCELLO DE PADRÓN 2012

A Concellería de Deportes de Padrón organiza o **sábado 3 de marzo de 2012** a partir das 16:30 horas, a **X edición** da súa Carreira Popular que se disputará na proba absoluta sobre unha distancia de **10 km homologados pola Real Federación Española de Atletismo (RFEA)**. As probas disputaranse na localidade de Padrón e estarán baixo o control técnico da **Federación Galega de Atletismo (Delegación de Santiago)**. As probas estarán suxeitas o seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha sola clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuices da Federación Galega de Atletismo, Delegación en Santiago de Compostela.

2. CATEGORÍAS DOS PARTICIPANTES:

✗ PITUFOS:	atletas nados no 2008 e posteriores
✗ PREBENXAMÍN:	atletas nados nos anos 2005, 2006 e 2007
✗ BENXAMÍN:	atletas nados nos anos 2004 e 2003
✗ ALEVÍN:	atletas nados nos anos 2002 e 2001
✗ INFANTIL:	atletas nados nos anos 2000 e 1999
✗ CADETE:	atletas nados nos anos 1998 e 1997
✗ XUVENIL/JUNIOR/PROMESA:	atletas nados entre 1996 e 1990
✗ SENIOR:	atletas nados entre 1989 ata veteranás
✗ VETERÁN A MASCULINO:	atletas nados entre 1977 e 1967
✗ VETERANA A FEMENINO:	atletas nadas entre 1977 e 1967
✗ VETERÁN B MASCULINO:	atletas nados entre 1966 e 1957
✗ VETERANA B FEMENINO:	atletas nadas en 1966 e anteriores
✗ VETERÁN C MASCULINO:	atletas nados en 1956 e anteriores

3. DISTANCIAS E HORARIOS:

O percorrido da proba absoluta estará homologado pola RFEA e as marcas entrarán a formar parte do ranking galego e nacional da distancia de 10 km en ruta. **A SAÍDA DAS PROBAS ESTARÁ SITUADA NO CAMPO DO SOUTO** (Praza de Abastos). Na proba absoluta haberá caixóns de saída dependendo das marcas realizadas na distancia (só en circuitos homologados).

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA
16:30 h	PITUFOS	200 m aprox.
16:40 h	PREBENXAMÍN	500 m aprox.
16:50 h	BENXAMÍN	500 m aprox.
17:00 h	ALEVÍN	1000 m aprox.
17:15 h	INFANTIL – CADETE	3500 m aprox.
18:00 h.	XUVENIL/JUNIOR/PROMESA/ SENIOR e VETERÁN	10 km homologados pola RFEA (2 voltas circuito Grande)
19:15 h	<u>ENTREGA DE PREMIOS</u> (AUDITORIO MUNICIPAL)	

O percorrido da proba absoluta estará indicado, controlado e sinalizado cada kilómetro. A organización contará coa colaboración dos organismos municipais competentes, que regularán o tráfico ao longo do percorrido.

PLANO PROBA ABSOLUTA



4. INSCRICIÓNS

- **ADULTOS**: ata o mércores 29 de febreiro ás 22:00 horas na web www.championchipnorte.com (forma única de inscrición). Se non eres usuario, debes de darte de alta no apartado “**REXISTRARSE**” e seguir as instrucións para formalizar as inscricións que desexes. Deberán indicar a marca en 10 km homologados na presente tempada ou na 2010/2011.
- **ESCOLARES (ata cadetes)**: ata o mércores 29 de febreiro ás 14:00 horas na dirección de correo deportespadron@yahoo.es ou no teléfono 627 008 584 en horario de 9 a 14 horas indicando os datos requeridos a continuación.

Non se aceptarán inscricións fora do prazo establecido, con datos incompletos ou sin todos os datos obrigatorios, os cales serán: **nome e apelidos, data de nacemento, teléfono e correo electrónico de contacto (se o ten), localidade de procedencia, provincia, colexio ou clube co que participa e número de licenzia federativa ou seguro escolar (se a/o ten).**

> **O PREZO** da inscrición (a proba absoluta estará controlada a través dun CHIP) será o seguinte:

- | | |
|--|-----------------|
| - CATEGORÍAS ESCOLARES: | GRATUITA |
| - PROPIETARIOS CHIP AMARELO CHAMPIONCHIP: | 4,00 € |
| - CORREDORES SEN CHIP AMARELO CHAMPIONCHIP: | 5,00 € |

A pre-inscrición non se completará se non se fai o pago no momento de inscribirse na web www.championchipnorte.com. Haberá un límite de 1000 inscritos na proba absoluta.

Calqueira dúbida relacionada co proceso de inscrición poderán dirixirse ó teléfono: **982 816 884**. Calqueira dúbida relacionada coa organización da proba poderán dirixirse os teléfonos **627 008 584** en horario de 9 a 15 horas.

> **INSCRICIÓN POR CLUBES.**

Para a entrar na premiación por clubes deberán inscribirse os atletas individualmente na web www.championchipnorte.com e remitir un correo electrónico o correo FGAsantiago@gmail.com cos datos do clube xunto co listado de atletas que participarán na proba selado pola **Federación Galega de Atletismo** ou **Delegación** correspondente no seu defecto antes do **mércores 1 de febreiro ás 22 horas**. **SEN ESTE CORREO ELECTRÓNICO NON PODERÁN OPTAR OS PREMIOS POR CLUBES**. Na clasificación por clubes poderán entrar os atletas das categorías **XUVENIL, JUNIOR, PROMESA, SENIOR e VETERÁNS**.

5. RETIRADA DE DORSAIS e CHIPS

Realizarase o día da proba no **AUDITORIO MUNICIPAL** a carón do Centro Social (Campo do Souto) en horario de **12 a 13 horas** (recomendable); tamén poderán recollerse dende as **15 horas** ata media hora antes do inicio de cada proba.

CONTROL CON CHIP: A proba de adultos estará controlada a través dun **CHIP** que se entregará a cada corredor no momento da recollida do dorsal (agás propietarios de chip amarelo) e que deberá colocarse na zapatilla antes da saída da súa proba.

TODOS OS CORREDORES TEÑEN A OBRIGA DE DEVOLVER O CHIP O FINALIZAR A SÚA PROBA (agás propietarios de chip amarelo). AQUELES CORREDORES QUE NON ENTREGUEN O CHIP NON ENTRARÁN NAS CLASIFICACIONES NIN RECIBIRÁN NINGUN TIPO DE OBSEQUIO.

DESCALIFICACIÓN: Todo corredor/a que incumpla as normas da competición ou as establecidas nos regulamentos RFEA e FGA referentes a probas en ruta, será descalificado a criterio do Xuíz Árbitro da Competición. **TODAS AS RECLAMACIÓNES DEBERÁN SER DIRIXIDAS O XUIZ ÁRBITRO DA COMPETICIÓN** con prazo máximo de 30 minutos despois da publicación dos resultados da proba en cuestión.

6. TROFEOS, PREMIOS e AGASALLOS

> **PROBAS ESCOLARES**:

- Trofeos aos 3 primeiros/as corredores/as de cada categoría por idade e sexo.
- Agasallos según disponibilidad e ata fin de existencias.

> **PROBA ABSOLUTA**

- Trofeo aos 3 primeiros/as corredores/as de cada categoría por idade e sexo.
- Trofeo especial aos 3 primer@s da clasificación xeral Masculina e Feminina (xuvenil/junior/promesa/senior e veteráns).

Entregarase unha camiseta conmemorativa da proba a cada participante, tanto escolar como absoluta, ata fin de existencias. Pendente de confirmar agasallos puntuais por firmas colaboradoras.

PREMIOS EN METÁLICO DA PROBA ABSOLUTA

60 PREMIOS ECONÓMICOS AOS PRIMEIROS CLASIFICADOS MASCULINOS (40) E FEMENINOS (20) + DIPLOMA PERSONALIZADO:

- **40 primeiros postos Masculinos** da clasificación absoluta que entren nun tempo inferior a 40:00 do seguinte xeito:
 - > ***1º Clasificado: 200 €***
 - > ***2º Clasificado: 100 €***
 - > ***3º Clasificado: 75 €***
 - > ***Postos 4º ó 10º: 30 €***
 - > ***Postos 11º ó 20º: 20 €***
 - > ***Postos 21º ó 40º: 10 €***
- **20 primeiros postos Femininos** da clasificación absoluta que entren nun tempo inferior a 50:00 do seguinte xeito:
 - > ***1ª Clasificada: 200 €***
 - > ***2ª Clasificada: 100 €***
 - > ***3ª Clasificada: 75 €***
 - > ***Postos 4ª a 10ª: 30 €***
 - > ***Postos 11ª a 20ª: 20 €***

PREMIOS A CLUBES

- › **1º Equipo Clasificado:** 200 €
- › **2º Equipo Clasificado:** 150 €
- › **3º Equipo Clasificado:** 100 €

A clasificación por clubes será establecida a través dos 10 primeiros corredores en cruzar a liña de meta, pola suma dos seus postos, gañando o equipo que menos puntos acade. En caso de empate gañará o equipo que mellor clasifique o seu 10º compoñente. Os equipos poderán ser mixtos.

SÓ SE ADMITIRÁ A PARTICIPACIÓN DE CLUBES FEDERADOS NOS PREMIOS EN METÁLICO, que terán que enviar previamente o listado dos atletas co selo oficial da Federación Galega de Atletismo ou no seu defecto da Delegación correspondente o correo FGAsantiago@gmail.com. Na confección do clube non poderán entrar atletas pertencentes a outros clubes nin filiais do mesmo.

PREMIOS ESPECIAIS

- Trofeo o/a 1ºª **Corredor/a local**.
- **Trofeo Participación**, o colexio/clube con máis corredores inscritos que finalizen a proba.
- **Trofeo Benxamín**, o corredor/a menor idade.
- **Trofeo Superveterán** o corredor home con maior idade que finalice a proba.
- **Trofeo Superveterana** á corredora con maior idade que finalice a proba.
- **3 cestas de produtos EROSKI valoradas en 60, 30 y 20 euros** ós 3 primeiros/as clasificados/as da xeral absoluta.
- **3 invitacións para 2 persoas ó Aquaform do Balneario de Cuntis** ós 3 primeiros/as clasificados/as ó término da primeira volta e que finalicen entre os 10 primeiros da xeral.

SORTEO

Haberá sorteo de material deportivo e diversos produtos doados pólas firmas colaboradoras no auditorio municipal e antes de comenazar a entrega de premios.

O PAGAMENTO DOS PREMIOS EN METÁLICO E ENTREGA DE DIPLOMAS REALIZARASE NO HALL DO AUDITORIO MUNICIPAL, ÁS 19.15 HORAS, ANTES DA ENTREGA DE PREMIOS. (EXPORASE COA MAIOR BREVIDADE POSIBLE UN LISTADO DE CLASIFICACIÓNS PROVISIONAL). PARA PODER PERCIBIR O PREMIO SERÁ OBRIGATORIO A PRESENTACIÓN DO DNI OU DOCUMENTO ACREDITATIVO DA IDENTIDADE.

7. OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGULAMENTARIAS

Segundo o **ARTIGO 3.4. DO REGULAMENTO** das competicións autonómicas de Ruta, Pista ou Campo a Través da **REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ATLETISMO**: “*Por norma general en estas competiciones no podrán participar atletas extranjeros que no tengan licencia por la Federación Autónoma donde se celebre la competición salvo si se cumple alguno de los siguientes supuestos:*

- ***“En Autonomías con frontera terrestre con Portugal o Francia se permitirá la participación de atletas del país vecino siempre y cuando estos atletas no hayan sido internacionales por su país en los últimos 5 años y en una prueba similar”.***
- ***“Atletas residentes en la Comunidad Autónoma. Se deberá justificar con permiso de residencia o trabajo”.***

En todos os casos o organizador poderá requerir a documentación necesaria e reterá o premio mentres non sexa presentada.

As reclamacións ós resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó xuíz árbitro da Competición non máis tarde de **30 minutos** despois da publicación dos mesmos. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da **RFEA** en vigor. A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento.

Haberá Servicio de Duchas nos Polideportivos do Souto (só para homes) e do Grupo Escolar (para homes e mulleres). O horario de apertura de ambos será de 15:30 h–19:30 h.

Poderán consultar os resultados oficiais e toda a información relativa ás probas nas webs:

- www.championchipnorte.com
- www.atletismogalego.org
- www.fgatletismo.es/santiago/
- www.correrengalicia.org